

TEMA INMUNOLOGÍA 18.

1- ¿ Cales son as barreiras defensivas primarias dos vertebrados ?

A pel e as secreciones mucosas das súas cavidades internas como lisozima (da saliva e da secreción nasal que son capaces de destruir a capa de mureína da parede bacteriana), espermina (do esperma), secreciones ácidas do epitelio vaxinal, etc.

2- ¿ Cales son as barreiras defensivas secundarias dos vertebrados ?

As c. fagocitarias sanguíneas e o sistema inmunitario. Encárganse de neutralizar ou destruir os microorganismos que lograron atravesar as barreiras primarias.

3- Células fagocitarias sanguíneas:

- Monocitos que despois de varios días no torrente sanguíneo transfórmanse en macrófagos que constitúen o sistema retículo endotelial.
- Neutrófilos ou micrófagos. Saen dos vasos sanguíneos gracias á propiedade da diapédese. Vida más curta que os macrófagos.

4- ¿ En que consiste o proceso de fagocitose ?

No englobamento de microorganismos en vacuolas fagocíticas a súa destrucción mediante enzimas hidrolíticos.

5- A resposta inflamatoria é un mecanismo de defensa inespecífico. ¿ En qué consiste ?

Para facilitar o proceso fagocítico e ante a presencia de microorganismos ou sustancias extrañas prodúcese unha vasodilatación dos vasos sanguíneos locais e o aumento da permeabilidade vascular, que facilitan a saída de plasma e de células sanguíneas o que se traduce ó exterior por unha inflamación da zona afectada.

6- Significado da palabra inmunidade.

Invulnerable a determinada enfermidade infecciosa.

7- Características da inmunidade.

especificidade

perdura no animal un certo tempo, só uns días a toda a vida.

9- Características da inmunidade das vacinas:

adquirida, artificial e activa. Precisan varios días para que faga efecto
Inocularse microorganismos vivos

10- Características da inmunidade dos sueros:

adquirida, artificial e pasiva. Actúan ás pocas horas da súa aplicación
Inocularse anticorpos

11- ¿ Cómo está constituído o sistema inmunológico ?

Por tódalas estructuras orgánicas relacionadas cos fenómenos inmunitarios do animal. Estes fenómenos inclúen tanto a inmunidade humoral (obtida mediante anticorpos) como a inmunidade celular lograda por células que se unen específicamente ós antíxenos.

8- Explica en que consiste unha inmunidade natural activa, natural pasiva, artificial activa e artificial pasiva.

Congénita: aquella que se hereda.	De especie	La que presentan todos los individuos de una especie.
	De raza	Si la presentan solamente determinados grupos o poblaciones de una especie.
	De individuo	La que posee un individuo determinado.
Adquirida: la que se adquiere durante la vida.	Natural: se adquiere sin ser provocada.	Pasiva: Se adquiere durante el desarrollo embrionario y lactante, al recibir los anticuerpos maternos. Activa: Se adquiere tras haber superado la enfermedad infecciosa.
	Artificial: se adquiere mediante técnicas artificiales que la provocan.	Pasiva: Se adquiere mediante la administración de anticuerpos (preparados artificiales con anticuerpos específicos elaborados por otro organismo). Ex: <i>covida o tétanos, escarlatina</i> Activa: La que se adquiere mediante la administración de vacunas (preparados artificiales con antígenos no patógenos de la enfermedad que inducen la respuesta inmunizante celular). Ex: <i>viruela, rabia, tifus e seiles</i>

12- ¿ Por qué os linfocitos ~~chámase~~ células inmunocompetentes ?.

Porque nelas baseanse os fenómenos da **inmunidade humorala** e **celular**. Existen 2 tipos de linfocitos : B e T.

13- Características dos linfocitos B.

~~Fórmanse na médula ósea dos mamíferos e na bolsa de Fabricio nas aves.~~

Son os responsables da **inmunidade humorala** xa que teñen **inmunoglobulinas** na superficie externa da súa membrana plasmática capaces de transformar os linfocitos en **células plasmáticas** que se encargan de producir **anticorpos**.

14- Características dos linfocitos T. Tipos.

~~Fórmanse na médula ósea e~~

~~Maduran no timo.~~

Son os que interveñen na **inmunidade celular** xa que disponen na superficie da súa membrana de receptores capaces de recoñecer antíxenos da superficie externa doutras células.

Hai varios tipos: **citotóxicos** (úñense a células que posúen antíxenos alleos na súa superficie e destrúenlas); **cooperadores** (colaboran cos linfocitos B no recoñecemento de antíxenos específicos), **supresores** (inducen á interrupción da producción de anticorpos).

15- ¿ Qué se entende por órganos linfoideos ? . Tipos.

Tódalas estructuras orgánicas relacionadas coa formación, maduración ou acumulación de linfocitos.

Os **primarios** son aqueles onde se produce a **maduración definitiva** dos linfocitos: **médula ósea**, **vermella**, **timo** ou **bolsa de Fabricio** nas aves.

Os **secundarios** son aqueles onde se concentran os linfocitos e sufren a súa diferenciación terminal: **bazo**, **ganglios linfáticos** e **tecido linfoide difuso** ou formando agregados denominados **folículos linfáticos** (estructuras linfoepiteliales). Exemplos destes últimos: **amígdalas**, **apéndice**, **placas de Peyer** (intestino delgado).

16- Definición de antíxeno.

Sustancias capaces de desencadear o mecanismo de inmunidade celular ou de provocar a síntese de anticorpos específicos. (i. humorai)

Os antíxenos únense específicamente ós anticorpos. (especificidade) [proteínas]

A través dunha pequena zona chamada determinante. Un antíxeno é monovalente cando só ten un determinante na súa molécula de xeito que só se pode unir a el un anticorpo mentres que é polivalente cando ten varios determinantes: varias moléculas do mesmo ou de diferentes anticorpos.

17- Antíxenos e haptenos.

Os antíxenos diferéncianse dos haptenos en que estas son pequenas moléculas que teñen capacidade para unirse a anticorpos específicos, pero que por si sós non son inmunoxénicos, é dicir, non estimulan nin a produción de anticorpos nin a de células inmunocompetentes. Son moléculas con propiedades autoxénicas: certos polisacáridos, proteínas, ácidos nucleicos, glúcidos, lípidos e incluso polímeros sintéticos.

18- Definición de anticorpo.

Moléculas proteicas que se liberan no sangue ó seren producidos polas células plasmáticas. No plasma uniranse cos seus antíxenos específicos, anuiando o carácter tóxico do antíxeno e inmovilizándoo ó microorganismo invasor.

Tamén chámanse inmunoglobulinas (Ig).

lin B -> cel. plasmáticas anticorpo

19- Estructura dunha Ig.

Existen cinco clases de inmunoglobulinas (Ig):

- A Ig G, que é a más abundante, e a Ig M participan en todo tipo de infeccións.
- A Ig A actúa nas infeccións das mucosas.
- A Ig D activa os linfocitos B.
- A Ig E intervén nas reaccións de alerxia.



Inmunoglobulinas

Son proteínas do grupo das globulinas, que se atopan no sangue e no líquido extracelular dos distintos tecidos. Tamén se denominan anticorpos.

As inmunoglobulinas son sintetizadas polos linfocitos B, ante a presencia de partículas que non pertenezan ó propio organismo, como axentes patóxenos. A acción das inmunoglobulinas ou anticorpos baséase no recoñecemento dunhas moléculas características dos patóxenos denominadas antíxenos.

Fig. 20.8. Representación esquemática de un anticuerpo (inmunoglobulina G).

- 1 → Zona de unión con antígeno o dominio de unión.
- 2 → Dominio efector (unión a complemento y a células).



- Todas as moléculas de inmunoglobulina teñen unha estrutura semellante. Están formadas basicamente por:

- Dous polipéptidos longos, denominados cadeas pesadas.
- Dous polipéptidos más curtos, que constitúen as cadeas ligeras.

As catro cadeas están unidas entre si por enlaces disulfuro.

Os dous extremos separados das inmunoglobulinas constitúen o punto de recoñecemento dos antíxenos.

(H)

(L)

extremo variable

20- Define resposta inmune.

Proceso de fabricación de anticorpos ante a presencia de antíxenos que penetran na circulación sanguínea. Hai 2 tipos: resposta inmune primaria e secundaria.

21- Explica en qué consiste a resposta inmune primaria.

É a que se produce ante o primeiro contacto cun antíxeno.
Os anticorpos formados son do tipo das Ig M.

22- Explica en que consiste a resposta inmune secundaria.

É a que se produce ante un segundo contacto co antíxeno.
Os anticorpos formados, son do tipo da Ig G (gammaglobulinas) e a resposta é máis rápida.

A capacidade para producir unha resposta inmune secundaria pode durar varios anos (memoria inmunolóxica).

23- ¿ Cal é a razón de ser da memoria inmunolóxica ?.

Tralo primeiro contacto co antíxeno, moitos linfocitos B con anticorpos transfórmanse en células de memoria de longa vida, sobre vivindo toda a vida do animal. A entrada de novo do antíxeno provocará que os anticorpos destes linfocitos de memoria se unan a eles, desencadenado unha rápida producción de anticorpos.

24- Explica a cooperación celular na resposta inmune.

ollo!
Os linfocitos proveñen de células precursoras (hemocitoblastos) existentes na médula ósea vermelha. Uns maduran na propia médula ósea (os B) e outros no timo (os T) **mácula ósea vermelha e timo son órganos linfoideos primarios**.

Finalizado o proceso de especialización, os linfocitos B e T pasan ós **órganos linfoideos secundarios** (ganglios linfáticos, bazo, etc) nos que se concentran os linfocitos, mentres que algúns deles incorpóranse á corrente que circula polos vasos sanguíneos e linfáticos, á espera de entrar en contacto cos antíxenos.

Cando se detecta a presencia dun antíxeno, o macrófago fagocítalo e transpórtalo ós ganglios linfáticos; alí, presenta fragmentos do antíxeno ós linfocitos T, formándose **linfocitos T citotóxicos e linfocitos T auxiliares**.

Os linfocitos T citotóxicos únense específicamente a antíxenos da membrana das células infectadas por medio de receptores específicos que posúen na membrana, inyectando enzimas no interior da célula e provocando a súa morte.

Os linfocitos B activanse ante a presencia do antíxeno e encárganse de producir un anticorpo específico, pero non empezan a producilo antes de recibir o sinal dos **linfocitos T auxiliares**. Estes, ante a presencia do antíxeno, segregan unha serie de moléculas mediadoras ou mensaxeiras, chamadas **interleucinas**, que activan a outros leucocitos (macrófagos e linfocitos).

Finalmente, superada a infección, outro tipo de **linfocitos T** chamados **supresores** encárganse de deter as reaccións inmunitarias.

25- Explica en qué consiste a reacción antíxeno-anticorpo:

Os anticorpos, ó recoñecer ós antíxenos únense ós seus determinantes mediante enlaces Van der Waals, forzas hidrofóbicas ou iónicas, nunha reacción extraordinariamente específica chamada reacción antíxeno-anticorpo.

Dáuse varios tipos de reacciones antíxeno - anticorpo, as principais son:

- * **NEUTRALIZACIÓN** ⇒ Anula a actividad do antíxeno mediante o bloques dos seus **puntos de ancoraxe e unión ás células** diana.
- * **PRECIPITACIÓN** ⇒ Reacción entre antíxeos solubles que, unido a anticorpos, forman un **complexo insoluble** que **precipita**
- * **ADHESIÓN** ⇒ Os anticorpos reaccionan cos antíxeos de tal xeito que une a todo o microorganismo formando un **adherinado** que **inmoviliza** os antíxeos. Exemplo disto tamén nos grupos sanguíneos e as incompatibilidades das transfusións sanguíneas.
- * **OPSONIZACIÓN** ⇒ Os anticorpos, neste caso, opsoninas reabren os antíxeos que quedan **preparados para a fagocitose**

26 - ¿ Que tipos de vacinas coñeces ? ¿ Como poden facerse ?

- Vacina da tuberculose, sarampelo, poio, hepatitis B, gripe, cólera, tétanos, difteria ...

Poden facerse :

- a) con **microorganismos vivos atenuados** para reducir a súa virulencia . Ex: a da gripe
- b) con **antíxeos purificados** a partir de fragmentos subcelulares . Ex: a da hepatitis B
- c) mediante **vacinas sintéticas**, a partir de toxinas bacterianas modificadas químicamente . Ex: a da difteria

27 - Localiza no corpo humano os tecidos e órganos imunitarios

órganos primarios ⇒ timo, medula ósea

órganos secundarios ⇒ bazo, ganglios linfáticos, amigdala, apéndice vermiciforme e placas Peyer.

28 - ¿ Que son as enfermidades autoimunes ? . Por exemplo

- Cando o sistema imunitario non reconoce o que é propio do individuo e o que é estranho . Así fabricanse anticorpos contra proteínas e tecidos do proprio individuo .
- Exemplos : esclerose múltiple , artite reumatoide ...

29 - ¿ Que é a hipersensibilidade ?

- Tamén coñecida como alergia ; é un estado imunitario que fai que o organismo responda de forma exacerbada a substancias que xeralmente son inofensivas . Ten distintas manifestacións como lagrimeo, estornos, prido, asma, secreción nasal ...

Existen 2 tipos de hipersensibilidade : a) INMEDIATA ⇒ os

danos nos tecidos se producen os poucos minutos despois da 2ª dose do antíxeno. Ex: alerxia á penicilina.

b) RETARDADA \Rightarrow a reacción é lenta e tarda varias horas en producirse. Ex: na proba da tuberculina (cando se inxecta o baixo da tuberculose, se se produce inflamación grande indica que a persoa padeceu antes a infección).

30. ¿ que é o SISTEMA HLA ou CMH?


- Con este nome HLA (human leucocyte antigen) denominase a unha serie de antíxeos localizados nun principio nos leucocitos e que posteriormente viuse que existen na membrana de todas as células.
- Debiendo a esto tamén se conócen como sistema MHC ou CMH (Complexo Maior de Histocompatibilidade).
- Estes antíxeos, de natureza glicoproteica, xogan un papel importante nos fenómenos de recoñecemento de células do proprio corpo e dentroas reaccións de imunidade.

31. REXEITAMENTO OS TRASPLANTES DE ÓRGANOS (relación co CMH)

- O rexeitamento ten a súa orixe na presenza nas células dun antíxeno, dos cales os más importantes constitúen o CMH que na especie humana denominase tamén HLA.
- O rexeitamento a un trasplante é unha resposta inmunitaria celular que depende dos linfocitos Tc, que se poden activar directamente ante a presenza dos antíxeos de histocompatibilidade.
- A prevención dos rexeitamentos basíase en que a compatibilidade entre os tecidos do doante e do receptor sexa a máxima posible. Para diminuir a resposta de rexeitamento usanse fármacos inmunosupresores.

32. UN EXEMPLO DE RESPOSTA ESPECÍFICA: A INCOMPATIBILIDADE DO FACTOR RH.

- O factor Rh é un sistema de clasificación de grupos sanguíneos baseado na presenza ou ausencia dunha proteína chamada D na membrana dos E.V. Existen 2 variantes para o factor Rh: $Rh^+ \Rightarrow$ teñen a proteína D
 $Rh^- \Rightarrow$ non ..
- As persoas Rh- sintetizan anticorpos contra a proteína D, que actúan como antíxenos.



- ACTUA SEMPRE**
- 33.- DEFINICIÓN DE SISTEMA COMPLEMENTO
- Conxunto de proteínas que se producen principalmente no fígado e circulan polo sangue e medio interno, e que se chamau así porque amplifican a acción dos anticorpos (da Ig)
 - O complemento, a diferenxa dos anticorpos, está sempre presente no plasma e non é específico

34.- EXPLICAR BREVEMENTE A RELACIÓN ENTRE CANCRO E INMUNIDADE

- As células cancerosas teñen na súa superficie celular moléculas antixénicas diferentes das que teñen as células normais \Rightarrow son os ANTIXENOS TUMORAIS, que son específicos para cada tipo de células cancerosas.
- Os ANTIXENOS TUMORAIS determinan a posta en marcha do sistema inmunitario (anticorpos, linfocitos T...) pero a resposta inmune ás células canceríxenas é moi veces ineficaz e non se sabe moi ben a causa; por enriba banda pensase que estas células non capaces de modular os seus antixenos tumorais de modo que estes "desaparecen" da superficie das células en presenza dos anticorpos específicos e así non serían reconecidas como extrañas e por outro lado, conteñen moita cantidade moi baixa de C₃H, o que determinaría que os linfocitos T non lograrián reconcelas axeitadamente.

GRUPOS SANGUÍNEOS INCOMPATIBLES (reparo)

- Os G.V posúen proteínas na súa membrana capaces de producir moita resposta inmunitaria. Se quenda transfusión sanguínea, os eritrocitos do doante non teñen as mesmas proteínas cos eritrocitos do receptor, o sistema inmunitario reconece as proteínas como antixenos e desenvadécase moita resposta inmunitaria específica.
- As persoas [O Rh - son DOANTES UNIVERSAIS] porque non posúen proteínas na superficie da membrana dos eritrocitos, capaces de producir moita resposta inmunitaria co receptor da transfusión.
- As persoas [AB Rh + son RECEPTORES UNIVERSAIS] porque posúen as proteínas A, B e D nas membranas dos seus eritrocitos e caldo recibir sangue por transfusión, reconócen calquera das tres proteínas de membrana como propias e non sintetizan anticorpos.

INTERFERÓN \Rightarrow Glicoproteínas da resposta inespecífica que serven para estimular a outras células sas a que axoxia o virus.

A ÓRGANOS LINFOIDES

COMPONENTES

- Médula ósea vermelha ⇒ • Formación de células sanguíneas
- Tímo ⇒
 - (tissue lymphoid)
 - Detección de agentes patógenos
 - Retención de los agentes patógenos que circulan para luchar para ser eliminados.
 - Destrucción de patógenos e producción de lucha de células sanguíneas encargadas de erradicarlas
 - Defensa linfática
- Glándulas linfáticas ⇒
 - (no ósea)
 - Detección e destrucción de patógenos

FUNCIONES

FUNCIONES

- Neutrófilos ⇒
 - (microfagos)
 - Eosinófilos ⇒
 - Basófilos ⇒
 - Monocitos ⇒
 - (MACROFAGOS)
 - Linfocitos ⇒
 - Células polo sangre e a linfa para eliminar los agentes patógenos.
 - Células T
 - Fagocitosis de partículas extrañas
 - Fagocitosis de venenos patógenos
 - Producir la inflamación característica de respuesta inmunitaria
 - Fagocitar sustancias extrañas; algunos macrófagos pueden actuar como células presentadoras de antígenos
 - Activar las células inmunitarias
 - Favorece a dilatación de capilares nos procesos inflamatorios
 - Complementa a acción de inmunoglobulinas (Ig)
 - Reconocen los antígenos e combinarlos con ellos, impidiendo que se multiplican

B CÉLULAS INMUNITARIAS (1)

COMPONENTES

- Fagocitosis de microorganismos
- Fagocitosis de virus

FUNCIONES

- Fagocitosis de partículas extrañas
- Fagocitosis de venenos patógenos
- Producir la inflamación característica de respuesta inmunitaria
- Fagocitar sustancias extrañas; algunos macrófagos pueden actuar como células presentadoras de antígenos
- Activar las células inmunitarias
- Favorece a dilatación de capilares nos procesos inflamatorios
- Complementa a acción de inmunoglobulinas (Ig)
- Reconocen los antígenos e combinarlos con ellos, impidiendo que se multiplican

C MOLÉCULAS INMUNITARIAS (1)

COMPONENTES

- CITOQUINAS ⇒
 - SISTEMA DE COMPLEMENTO ⇒
 - Anticuerpos en Ig ⇒

FUNCIONES

- Activación de las células inmunitarias
- Favorece a dilatación de capilares nos procesos inflamatorios
- Complementa a acción de inmunoglobulinas (Ig)
- Reconocen los antígenos e combinarlos con ellos, impidiendo que se multiplican

Linfocitos T auxiliares: COLABORAN CON COADJUVANTES, HELPERES o T_H → CITOCINAS PRODUCEN EN ELLEN T_B → SUPERVIVIR

BLUCEXIA 2020

(1)

XUÑO 2006

I.3. Define antíxeno e anticorpo. Explica as diferenzas que hai entre réposta inmunitaria humoral e celular.

I.3 Antíxeno: Substancia capaz de inducir unha resposta inmune provocando a produción de anticorpos. (0,35p)

Anticorpo: Proteínas globulares chamadas inmunoglobulinas, que se producen nos linfocitos B como resposta a un antíxeno ao que se unen especificamente. (0,35 p)

Resposta inmunitaria humoral: Baseada en síntese de anticorpos polos linfocitos B. En presencia do antíxeno transführmanse en células plasmáticas que son as que producen os anticorpos que son liberados ao torrente sanguíneo. (0,4p)

Resposta celular: Está mediada polos linfocitos T: Tc (citotóxicos, destruyen células extrañas portadoras do antíxeno ou células propias infectadas por microorganismos), Th (colaboradores, activan outros linfocitos desencadeando a resposta inmune) e Ts (supresores, atenuan a resposta inmunitaria). (0,4p)

(2)

XUÑO 2005

I.2. a) Unha vez que o sistema inmunitario dunha persoa recoñece por primeira vez un antíxeno, ¿qué tipo de resposta se produce? b) ¿en nun segundo contacto co antíxeno? c) Explica cada unha delas.

I.2 a) Prodúcese unha resposta primaria (0,25p) coa formación de anticorpos polos linfocitos B (0,5p)

b) Prodúcese unha resposta secundaria (0,25p). Os linfocitos B ou células memoria reconhecen o antíxeno no seu segundo contacto e producen anticorpos con grande rapidez (0,5p).

(3)

XUNO-99

I.3) Na *inmunidade humoral* o organismo produce anticorpos en resposta á presencia dun antíxeno. a) ¿Que tipo de biomoléculas son os anticorpos? (0,15). b) ¿e os antíxenos? (0,15). c) ¿que características ten a reacción antíxeno-anticorpo? d) ¿que células do organismo producen anticorpos? (0,25). e) ¿en que se diferencia a inmunidade humoral da celular? (0,7)

I.3) En la *inmunidad humoral* el organismo produce anticuerpos en respuesta a la presencia de un antígeno. a) ¿Qué tipo de biomoléculas son los anticuerpos? Proteínas globulares llamadas inmunoglobulinas (0,15). b) ¿y los antígenos? Cualquier partícula o sustancia que el organismo considera extraña (0,15). c) ¿qué características tiene la reacción antígeno-anticuerpo? Especificidad: cada anticuerpo reconoce y se une con determinado antígeno formándose el complejo antígeno-anticuerpo según el modelo llave-cerradura (0,25). d) ¿qué células del organismo producen anticuerpos? Linfocitos B (es válido también plasmocitos o células plasmáticas) (0,25). e) ¿en qué se diferencia la inmunidad humoral de la celular? En la humoral los linfocitos B, activados por la presencia de antígenos, producen anticuerpos que reaccionan específicamente con los antígenos anulando su carácter tóxico mientras que en la celular los macrófagos que detectan un antígeno lo fagocitan y posteriormente presentan fragmentos del antígeno a los linfocitos T que pueden destruir directamente a las células infectadas o facilitar el desarrollo de los linfocitos B (0,7)

CONCEPTO DE INMUNIDADE =>

Capacidade dun organismo de diferenziar as estruturas propias das alleas mediante o seu sistema inmune.

4

XUÑO 2002

I.4) Definir os seguintes termos: antíxeno, macrófago, interleucina, soro, SIDA.

I.4) Definir os seguintes termos: ($0,3 \times 5 = 1,5$ ptos.).

Antíxeno: calquer sustancia que é recoñecida como extraña polo sistema inmunolóxico dun organismo, e que é capaz de desencadear nel unha resposta inmunitaria.

Macrófago: células (monocitos diferenciados) que se encargan de eliminar os patóxenos mediante fagocitose.

Interleucina: moléculas secretadas por linfocitos T colaboradores para activar o sistema inmunitario.

Soro: preparado de anticorpos específicos contra un organismo patóxeno que é inyectado no individuo que sofre a infección antes de que se active nel a resposta inmune contra o patóxeno.

SIDA: enfermidade (coñecida como síndrome de inmunodeficiencia adquirida) producida polo VIH ou virus da inmunodeficiencia humán cando este infecta ós linfocitos diminuindo a capacidade de resposta inmune do organismo.

5

SETEMBRO 2007

I.2. Explica que é: linfocito B, linfocito T, inmunoglobulina, macrófago. ¿Que é a autoinmunidade?

I.2 a) Linfocito B: tipo de leucocito que madura na medula ósea e posúen receptores de membrana capaces de recoñecer antíxenos e sintetizar anticorpos. Interveñen na resposta humorala do sistema inmune.

Linfocito T: leucocitos que maduran no timo reaccionan fronte a antíxenos depositados na superficie das células que foron invadidas por virus ou patóxenos e destrúen os portadores do antíxeno e as células propias que sexan portadoras destes. Interveñen na inmunidade celular.

Inmunoglobulinas son proteínas globulares chamadas anticorpos que se sintetizan como resposta á presenza dun antíxeno específico e reaccionan con este anulando o seu carácter tóxico.

Macrófago: son glóbulos brancos do sangue con capacidade fagocítica que interveñen na resposta inmune inespecífica, sendo ademais presentadores de antíxenos.

Autoinmunidade: é unha patoloxía pola que os linfocitos T dun individuo atacan as células do seu organismo que expresan un antíxeno que non recoñecen como propio ($0,3 \times 5 = 1,5$ p).

(6)

XUÑO 2003

I.3. ¿Que papel xogan os lisosomas nos mecanismos de defensa celulares?. ¿Que son os anticorpos?

1.3) ¿Que papel xogan os lisosomas nos mecanismos de defensa celulares?: Nos mecanismos de resposta celular non específica, interveñen fagocitos (por exemplo, macrófagos) que son células capaces de fagocitar os axentes extraños (patóxenos) que deben ser eliminados; dentro destas células hai unha gran cantidad de lisosomas que serán os encargados de degradar esos materiais gracias ós encimas dígestivos que conteñen. (max. 1 pto.)

heterofagia

¿Que son os anticorpos? (max. 0,5 ptos.): son proteínas con función protectora (también chamadas inmunoglobulinas) que son producidas polos linfocitos B para que se unan específicamente ós antíxenos.

(7)

SETEMBRO 2004

I.1. Indica cales destas propiedades son dos linfocitos T, cales dos linfocitos B e cales de ámbolos dous: a) forman células plasmáticas, b) maduran no timo, c) maduran na médula ósea, d) producen anticorpos, e) son responsables da resposta celular, f) poden ser colaboradores, supresores ou citotóxicos, g) levan na súa membrana receptores para recoñecementos celulares, h) son responsables da resposta humoral, i) chegan ós tecidos por vía sanguínea ou linfática, l) orixínanse na médula ósea.

I.1. Indica cales destas propiedades son dos linfocitos T, cales dos linfocitos B e cales de ámbolos dous:
 $(0,15 \times 10 = 1,5 \text{ p.})$ a) forman células plasmáticas: linfocitos B; b) maduran no timo: linfocitos T; c) maduran na médula ósea: linfocitos B; d) producen anticorpos: linfocitos B; e) son responsables da resposta celular: linfocitos T; f) poden ser colaboradores, supresores ou citotóxico: linfocitos T; g) levan na súa membrana receptores para recoñecementos celulares: linfocitos T; h) son responsables da resposta humoral: linfocitos B; i) chegan ós tecidos por vía sanguínea ou linfática: ámbolos dous; l) orixínanse na médula ósea: ámbolos dous

(8)

XUÑO 2004

I.2. Concepto de antíxeno. ¿Que son as inmunoglobulinas?, ¿por que se producen?, ¿que función teñen?. ¿Que células producen inmunoglobulinas?, ¿en que órgano ou órganos se producen e maduran esas células?

I.2. Concepto de antíxeno: calquera sustancia extraña ó organismo capaz de inducir nel a formación de anticorpos que reaccionen específicamente a esos antíxenos ($0,3 \text{ p.}$) ¿Que son as inmunoglobulinas?: unha familia de glucoproteínas, tamén chamadas anticorpos ($0,3 \text{ p.}$); ¿por que se producen?: como resposta a un antíxeno específico ($0,3 \text{ p.}$); ¿que función teñen?: recoñecer e unirse ós antíxenos específicos para formar o complexo antíxeno-anticorpo o cal activa reaccións defensivas que permiten destruir o axente extraño (infeccioso) ($0,3 \text{ p.}$). ¿Que células producen inmunoglobulinas?: os linfocitos B (células plasmáticas) ($0,15 \text{ p.}$); ¿en que órgano ou órganos se producen e maduran esas células?: na médula ósea ($0,15 \text{ p.}$).

(9)

Setembro 2000

INMUNIDADE. a) ¿Que tipo de biomoléculas son os anticorpos? Debuxa a estructura dun antíxeno indicando as súas principais rexións. b) Define autoinmunitade e antíxeno. c) ¿Que son as vacinas e os soros?. d) Unha persoa sofre unha infección por un microorganismo: describe brevemente as sucesivas barreiras que tería que superar o microbio.

INMUNIDADE.

a) ¿Que tipo de biomoléculas son os anticorpos? Proteínas (0,1 ptos.). Debuxa a estructura dun antíxeno indicando as súas principais rexións. Vale calquer esquema no que se representen as cadeas lixeiras, as cadeas pesadas e o sitio de unión ó antíxeno (0,3 ptos.).

b) Define autoinmunitade e antíxeno. Autoinmunitade: Enfermidade na que o sistema inmune perde a capacidade para diferenciar o propio do estranho, reaccionando coa fabricación de anticorpos contra elementos do propio organismo (0,2 ptos). Antíxeno: Calquera sustancia capaz de estimular unha resposta inmune (0,2 ptos.).

c) ¿Que son as vacinas e os soros?. Vacina: preparado artificial que contén o microorganismo patógeno morto ou atenuado (ou a súa toxina) para que cando sea inyectada no organismo estimule a fabricación de anticorpos e células de memoria, conseguindo inmunidade permanente fronte ao axente patóxeno. (0,2 ptos.). Soro: Preparado artificial que contén anticorpos específicos contra unha determinada enfermidade. Neste caso o sistema inmune do organismo non se activa polo que non se fabrican células de memoria (0,2 ptos.)? ¿Cando se emplean? As vacinas utilizanse como medida de prevención da enfermidade e os soros como medida curativa cando o individuo ten unha enfermidade e necesita anticorpos para combatila (0,1 pto.).

d) Unha persoa sofre unha infección por un microorganismo: describe brevemente as sucesivas barreiras que tendría que superar o microbio. A pel (e as secreciones das superficies mucosas) actúan como unha primeira barreira: mecánica, debido á sua estructura que presenta; química, debido as secreciones que produce; e biolóxica debido á microflora que contén (0,5 ptos.).

Se o microbio invade os tecidos, activase a segunda barreira ou respuesta celular inespecífica, cando as células afectadas reaccionan producindo sustancias antimicrobianas (como o interferón), e outras (como a histamina), que desencadean unha reacción inflamatoria cujo obxectivo é a chegada á zona afectada de fagocitos que se encargarán de dixerir ó microbio (0,2 ptos.).

Se os mecanismos de defensa anteriores non bastan para controlar a infección, activase unha terceira barreira (sistema de defensa específico), na que o organismo pon en marcha a respuesta inmunitaria para que os linfocitos produzcan anticorpos que provocan a destrucción do microbio (respuesta humorar), ou ben o ataquen directamente (respuesta celular) (0,5 ptos.).

INT

(10)

SETEMBRO 2003

I.3) Sinala as diferencias entre os termos seguintes : a) antíxeno e antícorpo; b) autótrofo e heterótrofo; c) vacina e soro

I.3) Sinala as diferencias entre os termos seguintes:

a) antíxeno e antícorpo: o antíxeno é calqueira sustancia aliena ó organismo capaz de provocar nel unha respuesta inmunitaria mentres que o anticorpo é una sustancia de naturaleza proteica que fabrica o propio organismo en resposta a presencia dun antíxeno; b) autótrofo e heterótrofo: os organismos autótrofos utilizan carbono inorgánico (CO_2 ambiental) para nutrirse mentres que os heterotrofos necesitan obter o carbono dos compostos orgánicos; c) vacina e soro: as vacinas conteñen o microorganismo patóxeno atenuado (ou antíxenos do axente infeccioso) e utilizanse de forma preventiva para conferir inmunidad artificial (adquirida ou adaptativa) activa mentres que os soros conteñen anticorpos contra un determinado axente infeccioso e utilizanse como medida curativa, conferindo inmunidad artificial pasiva ($0,5 \times 3 = 1,5$ p.)

Definir

Antíxeno. Substancia estraña que provoca unha resposta do sistema inmunitario e desencadena a formación de anticorpos. Exemplo: pole, virus, bacterias...

Anticorpo. Son proteínas globulares presentes no sangue, linfa e secrecóns corporais que poden unirse a un antíxeno e bloquealo. Tamén se coñecen como inmunoglobulinas e poden designarse con nomes que describen a súa reacción cando actúan fronte ao antíxeno como: antitoxinas, aglutininas, precipitininas, lisinas...

Inmunidade. Quere dicir estar libre de padecer unha determinada enfermidade infecciosa. A inmunidade é altamente específica e só perdura un certo tempo.

Resposta celular. Débese aos linfocitos T que destrúen os microorganismos. Os linfocitos T serven de vixías e radares dos antíxenos, estimulan aos linfocitos B e tamén inicián o ataque mediante diversos tipos celulares (T asasinos, por exemplo).

Resposta humoral. Débese aos linfocitos B que se dedican principalmente á fabricación de anticorpos que serven para unirse e bloquear aos antíxenos.

SIDA. É o acrónimo da Síndrome de Inmunodeficiencia Adquirida, enfermidade producida polo virus VIH. A SIDA é a síndrome caracterizada por un fallo inmunitario, o que permite a aparición de enfermidades oportunistas e certos tumores que van minando a saúde dos pacientes. Máis que unha enfermidade é unha combinación de procesos diferentes que varian segundo a posibilidade de infectarse.


VIH. É o acrónimo do Virus da Inmunodeficiencia Humana (en inglés HIV, Human Immunodeficiency Virus). Este retrovirus, descuberto por Luc Montagnier en 1983, ten a capacidade de destruír os linfocitos T4 imprescindibles para a resposta da inmunidade celular. O virus intégrase no material xenético dos linfocitos T4, queda en estado latente e pasados varios anos vólvese activo e reproduzese liberando novos virus VIH que infectan a outros linfocitos T4, e aparecendo así os primeiros síntomas.

Linfocitos T4. Variedade de linfocitos que se encarga de vixiar e detectar os vírus, bacterias... e activan a outras células do sistema inmunitario (linfocitos B...).

Linfocitos Tc ou citotóxicos. Variedade de linfocitos T, coñecidos tamén como T8, que son responsables do rexeitamento de enxertos ou transplantes, da destrucción de células estrañas con antíxenos específicos...

Diferencias entre linfocitos B e T

Linfocitos B	Linfocitos T
Son responsables da resposta humoral.	Son responsables da resposta celular.
Fabrican anticorpos.	Producen células citotóxicas.
Desenvólvense e maduran dentro da medula ósea.	Maduran no timo e serven de vixías e radares dos antíxenos, inicián o ataque contra os antíxenos e estimulan aos linfocitos B.
En contacto co antíxeno; diferéncianse en células plasmáticas que fabrican anticorpos e células de memoria.	Existen varios tipos con misión diferente: T coadxuvantes, T asasinos, T supresores.



(A) INMUNIDAD HUMORAL

- Provocada polos **LINFOCITOS B** → PRODUCEN **ANTICORPOS**
- Os linfocitos B teñen anticorpos na superficie da membrana que ó unirse a antíxenos específicos, activan os linfocitos B que orixinan por proliferación e maduración unha liña celular (clon) de **CÉLULAS PLASMÁTICAS (PLASMOCTOS)**. Estes **plasmocitos** encargan de **PRODUCIR E LIBERAR ANTICORPOS ESPECÍFICOS** o plasma. Cada clon descede dunha célula precursora e produce un único tipo de anticorpo.
- Para que se produza a diferenciación e multiplicación dos linfocitos B é necesario que se reciban **sinais químicos (INTERLEUCINAS)** dos linfocitos T4 (linfocitos colaboradores).
- Superada a infección, outro tipo de linfocitos, os **SUPRESORES**, encargase de **detér** a producción de anticorpos.

(B) INMUNIDADE CELULAR

- É provocada polos **LINFOCITOS T**, que proceden das células da medula ósea, pero que maduran no **tiño**.
- Hai 3 tipos de LINFOCITOS T → **AUXILIARES, COLABORADORES, COADUVANTES HELPERS ou TH^{0/TH¹}**
 ↳ **CITOTÓXICOS, ASASINOS ou KILLERS Tc**
 ↳ **SUPRESORES T_{sup}**

- Cando un macrófago detecta un antíxeno, fagocita e transporta os **ganglios linfáticos**. Ali presenta fragmentos do antíxeno os **LINFOCITOS T**, formándose **LINFOCITOS T CITOtóxicos** (que poden destruir directamente as células infectadas) e **LINFOCITOS T AUXILIARES**.


Os linfocitos T citotóxicos teñen na súa superficie, moléculas receptoras, semellantes ós anticorpos polas que se unen ós antíxenos celulares, inyectando, entón, enzimas no interior da célula e provocando a súa destrucción.

Os linfocitos SUPRESORES encargase de detér a accións inmunes cando xa se destrúen o patóxeno.

TIPOS DE REACCIÓN ANTÍXENO-ANTICORPO


PRECIPITACIÓN

Ten lugar cando os antíxenos son polivalentes. Neste caso, os anticorpos libres únense a eles formando complexos tridimensionais moi grandes que deixan de ser solubles e precipitan. A precipitación é máxima cando as concentracións do antíxeno e do anticorpo son iguais.




AGLUTINACIÓN

Este proceso ocorre cando os anticorpos, aglutininas, se atopan con antíxenos situados na superficie de bacterias ou doutras células, aglutinóxenos, formándose agregados celulares que sedimentan con facilidade.




NEUTRALIZACIÓN

Consiste en eliminar os efectos negativos do antíxeno, e é un proceso reversible. Actúan así os anticorpos que se comportan como antitoxinas, ou os que se fixan á cápside ou á envoltura dun virus, diminuíndo a súa capacidade infectante.



OPSONIZACIÓN

As opsoninas son anticorpos que se fixan na superficie dos microorganismos, marcándoslos para que as células fagocíticas os localicen mellor e os fagociten.



MECANISMOS DE DEFESA FRONTE ÁS INFECCIONES

BARREIRAS INESPECÍFICAS:

- Primarias: pel e mucosas.
- Secundarias: inflamación e fagocitose.

BARREIRAS ESPECÍFICAS:

- **Sistema inmunitario:** conxunto de órganos ou estruturas onde maduran, se forman ou se acumulan linfocitos.
 - **Órganos primarios:** medula ósea, timo e bolsa de Fabricio (en aves).
 - **Órganos secundarios:** bazo, gânglios linfáticos e estruturas linfoepiteliais.
- **Linfocitos B:** formanse e maduran na medula ósea. Producen anticorpos e son os responsables da **Resposta Inmune Humoral**.
- **Linfocitos T:** formanse na médula e maduran no timo. Non producen anticorpos e son os responsables da **Resposta Inmune Celular**.